



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 15 de marzo de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 15/03/2023
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 15/03/2023.
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Proposta de límite de prazas:
  - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
  - c. Plan de actuación en relación ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- V. Proposta de materias optativas:
  - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- VI. Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2023-2024:
  - a. Proposta PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. Proposta PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
  - c. Listaxe priorizada de departamentos
  - d. Escrito xustificativo da asignación dun único departamento para as materias de formación básica
- VII. Proposta PDA do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2023-2024.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2023.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

## 2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

## 3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o acceso ao primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2023-2024.

A proposta presentada pola dirección (Anexo IV) é a mesma do curso pasado para o Grao en Enxeñaría da Enerxía: 50 prazas de acceso directo, mantendo os criterios. No caso do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos propónse facer a mesma solicitude que no curso pasado, e que non foi concedida, consistente nunha redución da oferta de prazas.

A Presidenta sinala que a normativa autonómica (*Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades*) contempla a posibilidade de solicitar unha redución do número de prazas ofertadas para unha titulación cando se dean as seguintes circunstancias:

1. **“Exceso de oferta:** a non cobertura sistemática das prazas ofertadas durante os últimos tres anos, unha vez rematado o proceso de chamadas por parte da CIUG, no caso dos graos.
2. **Número de persoas egresadas:** cando a taxa de graduación sexa sistematicamente inferior ao 35% durante os últimos tres cursos. Neste caso o centro responsable presentará un plan fundamentado para conseguir unha taxa de graduación de polo menos o 35% nos seguintes tres anos”.

Sinala que o GERME cumpre ámbalas dúas condicións e propón solicitar a redución da oferta de prazas de novo ingreso a un máximo de 30 prazas, potenciando a singularidade da titulación. Vinculado a esta solicitude de excepcionalidade hai que presentar un **plan de actuación** para aumentar a taxa de graduación nun período de tres anos (ANEXO IVc). A continuación amosa o documento e o comenta brevemente.

A Xunta de centro aproba por asentimento a proposta de límite de prazas.

## 4. Aprobación, se procede, das persoas responsables da coordinación para o curso académico 2023-2024.

A Directora amosa a proposta de persoas coordinadoras para o curso académico 2023-2024:

Coordinación	Responsable
GRAO EE	Francisco Javier Deive Herva
GRAO ERME	Iria Feijóo Vázquez
MÁSTER UNIV. EN ENXEÑARÍA DE MINAS	Elena Alonso Prieto
MÁSTER UNIV. EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA	María Araújo Fernández
MÁSTER DUAL EN INFORMACIÓN XEOESPACIAL	Pedro Arias Sánchez
1º CURSO GRAOS	Iria Feijoo Vázquez
2º CURSO GRAOS	Raquel Pérez Orozco
3º CURSO EE	Pablo Eguía Oller

4º CURSO EE	Ana María Rodríguez Rodríguez
3º e 4º CURSO ERME	Fernando García Bastante
1º CURSO MUEM	Guillermo García Lomba
2º CURSO MUEM	Marta Cabeza Simó
PRÁCTICAS EXTERNAS GRAOS e MUEM	Javier Taboada Castro
ACTIVIDADES EXTRACURRICULARES	Ana María Rodríguez Rodríguez
SEGUIMIENTO PERSOAS EGRESADAS	Eduardo Liz Marzán
TIC	Joaquín Martínez Sánchez
PROGRAMA PAT/PIUNE	Ángeles Domínguez Santiago
CALIDADE	Guillermo García Lomba
IGUALDADE	Generosa Fernández Manín
DIFUSIÓN	Raquel Pérez Orozco
CNL	Elena Alonso Prieto

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A directora agradece ás persoas que asumiron responsabilidades de coordinación nos cursos anteriores (María Araújo, Elena González e Marcos Conde) e ás persoas que se incorporan por primeira vez nestas tarefas.

## 5. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2023-2024.

A Directora sinala que a bolsa de horas de recoñecementos docentes para o curso 2023-2024 é de 249 horas polo que, unha vez descontadas as horas de recoñecemento correspondentes aos coordinadores dos graos, quedan por asignar 194 horas. A proposta da dirección para a asignación da bolsa de horas do centro é a seguinte:

Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Nome do recoñecemento
Francisco Javier Deive Herva	CD	25	Coordinación grao
Iria Feijóo Vázquez	AD	30	Coordinación grao
Iria Feijóo Vázquez	AD	10	Coordinación curso
Fernando García Bastante	TU	10	Coordinación curso
Pablo Eguía Oller	TU	20	Coordinación curso
Ana María Rodríguez Rodríguez	TU	10	Coordinación curso
María Araújo Fernández	TU	4	Organización docente
Francisco Javier Deive Herva	TU	10	Coordinador Programa Intercambio
Joaquín Martínez Sánchez	AD	5	Coordinación TIC
Guillermo García Lomba	TU	30	Coordinación Calidade
Ana María Rodríguez Rodríguez	TU	10	Coordinación actividades extracurriculares
Generosa Fernández Manín	TU	10	Enlace Igualdade
Eduardo Liz Marzán	CU	10	Enlace Seguimento Persoas Egresadas
Ángeles Domínguez Santiago	TU	5	Coordinación PAT/PIUNE
Teresa Rivas Brea	TU	10	Actividades Divulgación
Benito Vázquez Dorrió	CU	10	Actividades Divulgación
Francisco Javier Deive Herva	TU	10	Actividades Divulgación / STEMbach
María Araújo Fernández	TU	10	Actividades Divulgación
David Patiño Vilas	TU	10	STEMbach
Javier Taboada Castro	CU	10	Coordinador Prácticas Externas
<b>TOTAL</b>		<b>249</b>	

A Directora cede a palabra a Ángeles Domínguez quen comenta os motivos da desaparición do plan MEET.

A Directora sinala que podería haber algún cambio puntual cando o profesorado saiba a súa dedicación definitiva, e salienta que esta distribución de horas é posible debido á renuncia de horas de desgravación das seguintes persoas con responsabilidades no centro: Santiago Pozo, Raquel Pérez e Bienvenido Diez.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a asignación proposta da bolsa de horas do centro.

## **6. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para as titulacións de Grao impartidas nesta Escola para o curso académico 2023-2024.**

A presidenta lembra que no curso 2023/24 se imparte por primeira vez o cuarto curso dos novos plans de estudos das titulacións de grao e amosa as súas estruturas para expor a oferta de materias. A idea era non ofertar todas as optativas todos os anos pero sinala que neste primeiro ano é convinte ofertalas todas para facilitar os recoñecementos de materias equivalentes do plan en extinción e para garantir que o alumnado poida elixir as materias requiridas para cursar o máster en enxeñaría industrial.

A presidenta comenta a proposta presentada pola dirección (Anexo V).

Apróbase a proposta por asentimento.

## **7. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2023-2024.**

A presidenta comenta a proposta presentada pola dirección (Anexo VI) sinalando que no curso 2023/24 os tres primeiros cursos dos graos se manterán como no curso anterior e que se impartirán por primeira vez as materias de 4º dos plans novos, polo que a docencia de 4º curso é toda nova. Indica, ademais, o seguinte:

- **GEE.** Proponse ofertar todas as optativas e manter o plan de internacionalización. Aclara as particularidades da materia *Traballo colaborativo* e a proposta feita para a mesma na PDA.
- **GERME.** Comenta as materias novas de 4º curso, que serían de mínimos.

Ademais, amosa os listados de priorización de departamentos.

Indica que nos “Criterios de elaboración da PDA para o curso 2023-2024” se indica que se achegue unha lista priorizada de departamentos que poderían asumir a docencia das materias de Formación Básica. Sinala que a proposta da dirección relativa á listaxe priorizada de departamentos (ANEXO VI-c) é a mesma do ano anterior, engadindo un escrito xustificativo da proposta de manter a asignación dun único departamento para as materias de formación básica (ANEXO VI-d).

A Xunta de Escola aproba as propostas de PDA por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado na elaboración destas.

## **8. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2023-2024.**

A Directora amosa a proposta de PDA do máster (Anexo VII) que foi aprobada pola Comisión Académica do Máster e sinala que é a mínima posible, cun grupo en cada materia.

A Xunta de Escola ratifica a proposta de PDA por asentimento.

A Directora sinala a situación específica do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga, xa que é necesario realizar os procedementos de forma coordinada coas universidades participantes no desenvolvemento da titulación.

## **9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.**

Non hai.

## **10. Rogos e preguntas.**

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a quince de marzo de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 15/03/2023



## ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 15/03/2023



## ASISTENTES XUNTA DE ESCOLA 15/03/2023

### Profesorado

1. Elena Mercedes Alonso Prieto
2. María Araújo Fernández
3. Marta M<sup>a</sup> Cabeza Simó
4. Marcos Conde Fontenla
5. Francisco Javier Deive Herva
6. Ángeles Domínguez Santiago
7. Pablo Eguía Oller
8. Andrés Elías Feijoo Lorenzo
9. Fernando María García Bastante
10. Guillermo García Lomba
11. Eduardo Giráldez Pérez
12. María Iciar Goicoechea Castaño
13. Elena González Rodríguez
14. Eduardo Liz Marzán
15. Raquel Pérez Orozco
16. María Carmen Pérez Pérez
17. Juan Jesús Rico Fuentes
18. Ana María Rodríguez Rodríguez
19. Javier Taboada Castro
20. Javier Vijande López

### Alumnado

21. Carmen Alonso Pérez
22. Santiago Domínguez Blanco
23. Belén Parente Artime
24. Mateo Salgado Díaz

### Persoal de Administración e Servizos

25. M<sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

### Desculpan a súa ausencia

- José Bienvenido Díez Ferrer
- David Patiño Vilas
- José Benito Vázquez Dorrió
- Alejandro Casal Barreiro





## ANEXO III

### Informe da Directora

## ANEXO IV

### Proposta de límite de prazas:

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- c. Plan de actuación en relación ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos



## ANEXO V

Proposta de materias optativas:

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

## ANEXO VI

PDA dos Graos para o curso académico 2023-2024:

- a. Proposta PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Proposta PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- c. Listaxe priorizada de departamentos
- d. Escrito xustificativo da asignación dun único departamento para as materias de formación básica



## ANEXO VII

Proposta de PDA do Máster en Enxeñaría de Minas  
para o curso académico 2023-2024